


D. Xosé Manuel Portela Fernández, con DI. 32407493X e con domicilio a efectos de notificación na Reitoría da Universidade, rúa Maestranza nº 9, CP 15001, Presidente do Comité de Empresa do PAS.



MANIFÉSTALLE que:

Publicada na páxina web da Universidade (o 10/07/2009) a “**CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN NO CENTRO DE CÁLCULO DA FACULTADE DE INFORMÁTICA**” que se xunta observa que:

- Incumpre o Regulamento de Bolsas na Universidade da Coruña (Aprobado na sesión do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2007 e modificado na sesión do 31 de outubro de 2007), posto que:
 - Do regulamento antedito non se desprende que cada centro servizo... da universidade poida convocar bolsas de xeito autónomo, senón todo o contrario, (Disposicións xerais e Artigo 19. Procedemento) establecéndose un proceso centralizado, “*A proposta do órgano do que dependa cada servizo, a Universidade da Coruña mediante resolución reitoral...*”
 - Indícase, Artigo 19. Procedemento, apartado 4, que o proceso debe estar controlado pola Comisión Delegada do Consello de Goberno, da que formo parte en representación do PAS. Escápase deste xeito do control regulamentario establecido ao efecto.
 - Segundo as funcións que se van a desempeñar, e sinaladas na convocatoria, evidénciase que son tarefas dun posto de traballo e propias do PAS (incúmprese o establecido no Regulamento de Bolsas da Universidade da Coruña, Artigo 19. Procedemento, e na lexislación laboral).
- Dado que no propio Regulamento *Disposición Adicional cuarta* establécese que: “Decláranse nulas aquelas convocatorias de bolsas que non se axusten ao establecido no presente regulamento”.

SOLICÍTALLE:

A anulación da convocatoria: **BOLSAS DE COLABORACIÓN NO CENTRO DE CÁLCULO DA FACULTADE DE INFORMÁTICA.**

Por outra banda, a mediados de xullo, non parece o mellor momento para a convocatoria de bolsas que teñan como destinatarios a alumnos da Universidade.

A Coruña, 13 de xullo de 2009

Asdo. Xosé Manuel Portela Fernández.
Pte. do Comité de Empresa de Persoal Laboral

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA